

Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro

Xosé Ramón Freixeiro Mato

-Universidade da Coruña-

1. Introducción

Desde o momento presente, a personalidade de Carvalho emerxe con forza como un dos pensadores galegos máis importantes do século XX e talvez o primeiro no relativo ao pensamento lingüístico. Brillante universitario con inquietudes culturais e políticas na Compostela de preguerra, comprometido coa República e coa liberdade durante o período bélico, pagou co cárcere na inmediata posguerra a súa coherencia na defensa da legalidade democrática e o seu galeguismo consciente e militante. Escritor multifacetado –poesía, ensaio, narrativa, teatro–, profesor de maxisterio dilatado, estudioso da nosa literatura e da nosa lingua, conferencista de variada temática e maxistral oratoria, o seu percurso intelectual, docente e investigador, ben como o seu alento ético, impregnou toda a segunda metade do século XX dunha Galiza á procura da súa propia identidade política, cultural e lingüística. Carvalho é a memoria dun século mais tamén a memoria dunha nación, pois ninguén mellor do que el soubo perscrutar «nas liñas mestras da Galiza do pasado e do presente, com vista a construír a Galiza magna, a grande Galiza do futuro», como dixera o profesor José Luís Rodríguez (2002: 26) na conferencia inaugural do simposio que a Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña organizara no ano 2000 precisamente so o rótulo de «Ricardo Carvalho Calero. Memoria do Século».

Son moitos os contributos de Carvalho como creador e como ensaísta: d'*A gente da Barreira a Scórpio*, d'*O silencio ajoellado a Reticências...*, da *Farsa das zocas a Os xefes*, en todos os xéneros literarios nos deixou obras de referencia que prestixian o país e a súa lingua. No traballo de investigación e ensaio legounos dúas obras básicas, a monumental e imprescindible *Historia da literatura galega contemporánea* e a *Gramática elemental del gallego común* –coas súas sete edicións que marcan tamén o percurso da súa propia evolución lingüística–, sen as cales non sería posíbel explicármonos o avance dos estudos filolóxicos galegos. Porén, non podemos tampouco esquecer obras como *Problemas da lingua galega*, *Da fala e da escrita*, *Letras Galegas*, *Do Ga-*

lego e da Galiza ou *Umha voz na Galiza*, que colixen artigos de ensaio e divulgación publicados maioritariamente na última década da súa vida e que demostran a grande lucidez intelectual do autor, a se converteren ao mesmo tempo en ensaios xa clásicos de lingüística e sociolingüística galega, embora tamén inclúan temas literarios.

2. Coherencia galeguista e reintegracionista de Carvalho Calero

Perspectivados todos estes traballos á luz do pensamento galeguista sobre a lingua nos tres últimos séculos, non se pode menos que establecer unha liña de continuidade que vai desde o Padre Sarmiento no século XVIII, Murguía no XIX, Castelao na primeira metade do XX, até chegarmos a Carvalho na segunda parte dese mesmo século. Eis os catro elos basilares dun *continuum* que nos conduce á actualidade: Sarmiento dignificou a lingua galega cando a querían facer pasar por unha forma corrupta do castelán, para Murguía lingua distinta acusa distinta nacionalidade, Castelao enxalzouna como atributo primeiro da nación e Carvalho, facéndose herdeiro de todos eles, uniu teoría e praxe na procura dun futuro para ela. Todos catro coincidiron en que o galego nos singulariza e ao mesmo tempo nos vincula co mundo de expresión galego-portuguesa.

Na actualidade o galego recuperou, de certo, algúns espazos (política, cultura, ensino...) que reclamaban estes ilustres devanceiros. No entanto, continúa a perder falantes e non se dan superado certos preconceptos que pexan a recuperación do prestixio necesario para a súa plena normalización. Entre eses prexuízos aínda está o de o galego nos isolar do exterior ou de non ser útil para andarmos polo mundo etc¹. Xa Castelao adherira ao pensamento galeguista dominante que propugnaba unha identidade esencial entre galego e portugués, a se converter nunha das personalidades que máis ten insistido no tema e que ten achegado argumentos máis sólidos, sobre todo desde a perspectiva histórica. Se callar, a cita máis explícita é a tirada da carta a Sánchez Albornoz, onde, após expresar o desexo de que na Galiza se fale tan ben o galego como o castelán, e viceversa, acrecenta: «Deseo, además, que el gallego se acerque y confunda con el portugués, de modo que tuviésemos así dos idiomas extensos y útiles», como ben cita o propio Carvalho (1989: 91). Castelao está a rebater o argumento do isolacionismo lingüístico da Galiza sen o castelán, aducido por quen sería presidente do Goberno español no exilio; está a utilizar, pois, armas

1 É ben lembrarmos a afirmación do profesor Carvalho (1990: 35), en concordancia co pensamento galeguista precedente, de o galego ser «galego-portugués, nom galego-castelano», coas vantaxes que iso implica.

dialécticas nunha conxuntura concreta e en correspondencia privada. De todas as formas, fica claro que Castelao desexa «a restauración da unidade lingüística galego-portuguesa», segundo afirma Carvalho (1989: 105). Non, con todo, a subordinación do galego ao portugués, ou a disolución do galego no portugués. En *Sempre en Galiza* dinos o autor rianxeiro que «o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués», dando continuidade ao pensamento de Feijóo, Sarmiento e Murguía; e reforzando a primacía histórica do galego sobre o que el considera mal chamado portugués, porque «o portugués non é outra cousa que o galego, pois da Galiza pasou a Portugal» (Castelao 1961: 161). No mesmo sentido, Carvalho (1983: 34) sostén que o «romanzo hispánico occidental naceu en Galiza –que comprendía o norte de Portugal– e pode ser chamado galego, fale-se onde se fale: em Lugo como em Braga como em Lisboa como em Rio».

Carvalho mantén, por tanto, no substancial os mesmos postulados teóricos a respecto do idioma que Murguía e Castelao, a defender con eles a identidade lingüística galego-portuguesa, isto é, a «unidade sistemática do ibero-románico occidental, doutrina tradicional do galeguismo e do romanismo» (Carvalho 1990: 63). Porén, a diferenza de ambos, acaba por practicar coherentemente o reintegracionismo lingüístico na última fase da súa vida, após sucesivas etapas de achegamento e após ser o principal inspirador das primeiras normas ortográficas e morfolóxicas académicas publicadas no ano 1971 e o presidente da comisión lingüística que redixiu en 1980 as primeiras normas do galego con carácter oficial. Supón, pois, o posicionamento de Carvalho un paso adiante a respecto dos seus ilustres e admirados predecesores nunhas circunstancias históricas certamente diferentes.

Tamén Carvalho inaugura, en certo modo, un novo tipo de relación da intelectualidade galeguista con Portugal e cos portugueses, unha nova ollada sobre o país veciño que o leva a establecer proxectos de colaboración mutua na procura de pasos en positivo que supoñan romper a tradicional declaración de irmandade, centrada en moitos casos na poesía e no sentimento da saudade, e avanzar na aproximación lingüística e mesmo ortográfica. Así, Carvalho e Rodrigues Lapa inician na editora lisboeta Sá da Costa unha colección «Noroeste» dirixida por ambos e que dá como froito dous volumes de estudos sobre cuestións lingüísticas galego-portuguesas (Lapa 1979 e Carballo 1981). Na correspondencia de Lapa existen cartas de Carvalho que demostran ese afán común en que ambos se empeñaron; nunha delas, que o primeiro anota como «muito importante» e que leva data de 01/10/1980, fala o profesor galego da publicación do seu libro e doutros textos en Portugal, mostrán-

dose partidario de que vaian «decididamente com ortografía basicamente portuguesa»; mais tamén é consciente dos obstáculos que cómpre vencer:

Simplemente, hai que convencer-se de que desmontar a mentalidade do home galego en relación cos límites do seu idioma é de grande dificultade. Estivemos moitos séculos chamando galego à fala das antigas sete provincias, e este concepto administrativo levou-nos à consideración do idioma como estranxeiro ao portugués e como dialectal respecto ao castelán. Ensinar na escola aos nenos a escribir *António* sem acento en castelán e con acento en galego, parece moi gravoso a certos pais, mesmo galeguistas profesos (en Marques *et alii* 1997: 381).

Nesta mesma carta mostra o profesor a esperanza de que o seu labor reintegracionista teña continuidade e alcance o suceso por medio do empeño dos seus discípulos e dalgún colega. Tales consideracións explican os pasos que foi dando como profesor universitario na última etapa da súa vida académica, coa perspectiva de avanzar no reintegracionismo lingüístico. Embora non xulgue a xubilación como o final da súa influencia universitaria, tamén é consciente de que se precisa unha maior implicación das persoas próximas:

O que teoricamente se podía facer para remover esas interquincias, está feito; e serán os mozos que agora saem da Facultade os que na batalla de cada día vaian modificando para bem a situación, e creio que, se o demo nom o leva todo, ham conseguí-lo. Mais é indispensábel que a presenza do portugués se reforce en todo o Estado espanhol, para que esa mesma presenza actue beneficiosamente. Os separatistas, ainda que conquistem determinados postos que dem resonancia à sua voz, mal poderám soste-la sua posición sem importantes concesións, que os caracterizarán como dialecticamente vencidos. A minha jubilación non supóm o fim da minha postura na Universidade, sempre que alguns amigos se considerem obrigados a continuá-la con maior decisión que até agora (en Marques *et alii* 1997: 381).

Porén, unha vez xubilado da súa cátedra universitaria, as cousas non discorreron, se callar, como el pensara daquela, pois no ano 1982 modifícanse as primeiras normas ortográficas e morfolóxicas oficiais do galego que foran elaboradas por unha comisión que el mesmo presidira e que supuñan un grande avance na vía reintegracionista. No entanto, continuará a defendela con grande intensidade até á súa morte, tanto teoricamente nos seus frecuentes artigos nos xornais, como na práctica da súa escrita de creación, tamén moito fecunda.

De todos os xeitos, as súas propostas de futuro para o galego, que pasan pola aproximación do portugués, van achar eco e continuidade nalgúns dos sectores máis concienciados da sociedade galega, podendo dicir que o seu pensamento lingüístico se

mostra como plenamente actual en moitos puntos, aínda que loxicamente coa necesaria adaptación ás novas circunstancias. Así, unha idea que transparece na última cita da carta a Lapa é a ligazón entre o futuro da liña de pensamento reintegracionista e a presenza que consiga o portugués non só na Galiza como en todo o Estado. É esta unha cuestión que, trinta anos despois de a enunciar Carvalho, comeza a ter agora eco social, tanto desde o propio movemento reintegracionista, que orienta o seu discurso cara á potenciación do ensino do portugués na Galiza, como desde esferas oficiais: o Consello da Cultura Galega solicitou a entrada como entidade observadora na comunidade de países que teñen o portugués como lingua oficial e algúns lingüistas do ILG xa formulan abertamente a necesidade de dar pasos devagariño nese mesmo sentido².

En conclusión, Carvalho foi fiel ao compromiso galeguista de defensa e dignificación do galego como o noso principal sinal de identidade e ao mesmo tempo deu continuidade á liña de pensamento de Murguía e Castelao canto á proxección do galego polo mundo a través do portugués, terminando neste caso por asumir coherentemente a práctica lingüística reintegracionista; adheriu así a un movemento anterior ao cal el lle deu pulo e que hoxe continúa a operar na sociedade galega so diferentes formulacións e estratexias. Mais tamén desde outras ideoloxías lingüísticas comeza a achar eco o seu empeño en subliñar a importancia do portugués para o futuro do galego.

3. Compromiso, esforzo e disciplina na elaboración da Gramática elemental...

Carvalho asumiu desde o inicio o compromiso persoal de traballar polo galego, con plena consciencia do esforzo que iso supuña. Así o pon de manifesto o epistolario a Fernández del Riego publicado hai poucos anos (Carballo 2006), ao cal nos referiremos nas páxinas sucesivas por o considerarmos un documento de grande importancia. A inicios da década de 60 xa parece ter asumido a necesidade dese esforzo persoal constante en prol da lingua como responsabilidade histórica que o destino lle reservou, segundo poñen en relevo estas dúas reflexións ao amigo, que mostran

2 Véxase, por exemplo, H. Monteagudo, «De vagar chégase lonxe», *El País* [12/11/2010]; e Monteagudo (2009: 56): «É incomprendible que a estas alturas aínda non estea xeneralizado o estudo do portugués no ensino secundario en Galicia (como acontece na Estremadura española, ao abeiro do programa europeo) e que non exista unha política cultural específica cara ao ámbito luso-brasileiro»; véxase tamén Monteagudo (2009: 187-191).

igualmente a firmeza e decisión con que encara o cumprimento do seu deber: «poñámonos un e outro a traballar nas nosas ineludibles angueiras, se non máis descansados, un pouco desfogados. Ninguén pode fuxir o seu destino» [25/08/1961]³; «Un fungueiro na man dereita, unha lanterna na esquerda e un coitelo antre os dentes, hai que avanzar ate chegar ao fin pola furna tebregosa da vida» [07/01/1962].

Por esas mesmas datas e a respecto da revisión final da súa historia da literatura galega, o autor é consciente da precariedade en que se acha a codificación da lingua e comeza a enxergar a necesidade de el propio facer a súa gramática: «Vou intentar unificar un pouco máis a morfoloxía, pero dado o dialectalismo da nosa fala e as dimensións de obra, é ilusorio pensar nunha unificación rixida. Tería que facer primeiramente a miña Gramática Galega, e sería o conto de nunca acabar» [05/03/1962]. Uns meses despois participa no debate da RAG sobre o tema: «estóu mesturado no asunto de si se debe ou non facer unha gramática» [11/12/1962]⁴. A finais de 1963 xa aceptara disciplinadamente o compromiso de facer a gramática para Galaxia, a pesar de coñecer as dificultades da misión e de dispor de pouco tempo libre para ese encargo:

Xa que anunciades a miña Gramática teréi que pensar en facela. Conviría que me mandaras todo o que teñas de antecedentes; pois eu carezo de libros de filoloxía galega [...]. Temos que convir nun plan, tendo en conta o horrible desgaste do Colexio pra xerarquizar as miñas angueiras, e decidir qué é o máis ou menos urxente antre as moitas cousas que teño que facer [22/12/1963].

Con todo, a tarefa resúltalle dura e complexa, e as dúbidas asáltano: «Da Gramática polo de agora non hai máis que darlle voltas na cabeza. É horrible» [19/01/1964]; «Agora percuero non comprometerme con outros traballos pra poder encetar a Gramática, que estóu ordeando na mente. Pero os problemas do Colexio abáfanme e amargúranme de xeito que non sei o que poderéi facer» [09/03/1964]. Con certeza, a carga de traballo que soporta é grande, pois ten de combinar a dirección de Fingoi coa gramática, coa elaboración do segundo volume da historia da literatura e con outros encargos que lle fan, normalmente artigos para *Grial*: «O escaso tempo que non invirto en me desesperar por mór do Colexio, emprégoo nos traballos pre-

3 Cítase neste caso e nos sucesivos pola datación de cada carta para unha mellor contextualización temporal, sempre de acordo coa ordenación cronolóxica que figura en Carballo (2006).

4 Ao mesmo tempo, algunha intervención debeu ter en que esa institución asumise o uso escrito do galego cando resalta a respecto da recepción dunha misiva académica: «O oficio ven en galego, como resultado dos acordos derradeiros» [02/11/1963].

paratorios da *Gramática*, tendo arrumbadas as follas xa escritas do segundo capítulo do segundo tomo da *Historia*» [13/04/1964]. Uns poucos meses despois xa se acha inmerso na elaboración da gramática e solicita os *Elementos de gramática histórica gallega* de García de Diego para poder avanzar, a insistir nas dificultades: «Traballo en moi malas condicións» [24/08/1964]. Noutra carta de maio do ano seguinte insiste nesas dificultades e deixa ben claro que o seu labor gramatical é un traballo político que asume por compromiso e responsabilidade:

Logo teño moitos materias pra un segundo Pondal. Pero ¿quén pensa niso coas triganzas da *Gramática*?

Hoxe mesmo traballéi nela. Recibíu un certo pulo. Non sei se viches no boletín interior do «Facho» unha noticia sobre ela. Vai inzando, mais é imposible se facer ilusións: nas condicións en que traballo se non pode prever cando a remataréi. Presenta, como podes comprender, mil dificultades, e os problemas boligan arredor de cada custión. Hai unha corrente de opinión desfavorable á empresa. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínanse consagrar ao segundo tomo da *Literatura*, porque a *Gramática* non pode saír tan ben que xustifique o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿quen a ía facer? Os capacitados pra elo dificilmente queren arriscar o seu prestixio nista tarefa, que considerarán política e non científica. Terán medo a Dámaso Alonso, que ten dito que por moito tempo non será posible unha *Gramática* galega como a catalana de Badía. Isto é certo, pero nós queremos facer outra cousa. Mais hai moitos que consideran que isa outra cousa non hai por qué a facer. É dicir, que creen que o mellor é non facer nada [31/05/1965]⁵.

Nas seguintes cartas volta a pór en relevo o esforzo que lle supón a elaboración da gramática nun contexto en que as obrigas se acumulan: «Agora estou con exames, e atendendo a certos contratemplos domésticos. Se liquido todo felizmente, teréi que reorganizar as miñas xornadas pra avanzar na *Gramática* decisivamente» [24/09/1965]. A elas acrecentará a nova docencia en Compostela e a impartición de numerosas palestras, que atrasan o anseio de terminar a obra, para cuxo obxectivo está disposto a sacrificar as ferias: «¿A *Gramática*? Desgraciadamente, a miña vida partida entre Santiago e Lugo repercutíu desfavorablemente na marcha da mesma.

5 Nesta mesma carta patentiza o seu compromiso xeral coa lingua galega e a súa oposición a que a RAG dea acollida a quen a non emprega: «Dende logo, coido que no sucesivo, e salvo casos moi especiais, non debemos votar a quen non escriban en galego [...]. E nada de sabios que non escriban en galego ou de boas persoas que se supón que nos ven con simpatía, mentras teñamos xente acretada que siga a nosa liña».

Non só as viaxes me rouban moito tempo, senón que aquí e alí malamente dou abasto ao meu traballo cotián. Pero o peor son as conferencias [...]. Trataréi de dar un pulo á *Gramática* nistas vacacións, e de rematala nas do vran. Estóu xa cos verbos irregulares. Se me deixades acougar, sen me encarregar traballos especiais intentaréi darvos a *Gramática* denantes do outono» [27/03/1966]. Realmente, pór o ramo á gramática convértese nunha obsesión para el:

Fas moi ben en supor que ando moi atafegado coa *Gramática*. Tiraniza a miña vida. Decidín me choer en Fingoy, sen acaroarme ao mar iste vran, pra poder rematala, sexa como sexa, en setembro. Rexeitéi, asimesmo, firmar un contrato que me enviou «Anaya» pra unha edición do *Caballero de las Botas Azules*, inda que me deixaban en branco o prazo de entrega, pois de momento non quero máis compromisos. Traballo moi arreo, e a cousa vai marchando, e xa medio lle vexo o fin. Teño feitas as partes que corresponden a xeneralidade, morfoloxía e fonética, e agora estóu nada menos que coa sintaxe. Éche un grande lío, e a cada momento descubro cousas que me obrigan a refacer dous e tres veces o testo primeiramente redactado. Xa veremos cómo sai todo. O meu propósito é ir persoalmente a che entregar o manuscrito algún día de setembro [...].

Inda que todo o meu traballo, mesmo as miñas leituras, están orientadas á *Gramática* de cuia posesión demoníaca desexo me liberar, adicaréi algún tempo a *O espello*, pra poder cumprir o compromiso xa contraguído [16/07/1966].

Nas misivas seguintes xa fala Carvalho do tamén cansativo traballo de corrección de probas de impresión da gramática por partes, até que cara aos finais de ano dá conta da recepción dunha obra tan longamente anhelada: «Recibín a *Gramática*, que editorialmente resulta un fremoso volume. As erratas son numerosas, inda que, miragrosamente, todas as que vin, de escasa importancia» [22/11/1966]. O obxectivo está cumprido após duros esforzos só soportábeis pola firmeza do compromiso adquirido; e a seguir vén a alegría por ver o galego dotado de instrumentos necesarios: «Vin a *Gramática* de Carré, e merquéina. Agora agardo que chegue por eiquí a de Saco, que tamén adquiriréi. ¡De súpeto, puxémonos moi ben de Gramáticas!» [19/08/1967]. Porén, logo virán novas angueiras motivadas polas sucesivas reedicións ampliadas, que irá afrontando co mesmo espírito de compromiso e sacrificio con que elaborou primixenamente a obra, como moito claramente expresa nestoutra carta:

O máis importante que teño que che decir refírese á *Gramática*. Renunciando ao veraneo, pensaba adicar oito horas diarias nas vacacións a traballar no segundo tomo da *Historia*; pero Piñeiro díxome que se daba por esgotada a primeira edición da *Gramática*, e que despóis de maduras reflexións considerábase que a preparación da segunda edición debía ter prioridade sobre

a elaboración do segundo tomo da *Historia*. Coa disciplina que constituí o meu principal defeito, non ben me vin en Lugo, adiquei dez horas diarias a ese traballo, pois como sabes tiña moitísimas papeletas dispostas, e hoxe rematé o meu labor. Axiña, enviaréche, pois, un exemplar da *Gramática* ao que teño engadido, na forma máis crara posibre, as novas aportacións, e no que fixen tamén as correicións que me pareceron oportunas [30/06/1968].

Defecto ou virtude, eis a «disciplina» con que Carvalho Calero traballou en prol da lingua galega e ao servizo da nación, posta ao descuberto con toda a clareza e espontaneidade nas sinceras palabras dirixidas ao amigo Fernández del Riego. Así como durante a guerra civil loitou disciplinadamente a favor da causa da liberdade e da democracia, pagando o seu compromiso e a súa coherencia coa privación da liberdade, unha vez conseguida esta e incorporado á vida civil na súa propia terra, traballou co mesmo esforzo e sacrificio ao servizo da causa galeguista, simbolizada no seu caso na defensa, estudo e dignificación do idioma propio e da literatura por el vehiculizada. De certo que non foi o único da súa xeración en dedicar a súa vida a tan nobre causa, mais ninguén o puido facer con máis responsabilidade e disciplina. Por iso ocupa un lugar indiscutíbel na estirpe dos bos e xenerosos.

4. O doutor Carvalho e a saúde do galego: visión de futuro

Certamente, Carvalho Calero é doutor en Filoloxía e como tal ten feito grandes contributos ao desenvolvemento dos estudos filolóxicos galegos, tanto lingüísticos como literarios. Mais no ámbito concreto da lingua galega ten operado tamén cal un doutor en Medicina, someténdoa a análise clínica e emitindo a correspondente diagnose. Constata o doutor Carvalho que o galego está doente e que necesita intensos coidados para se recuperar, a mostrar unha preocupación pola súa saúde que vai alén da meramente profesional. Como nacionalista militante e comprometido, vai defender a lingua da nación tanto mediante o seu uso literario como desde unha perspectiva teórica. Para iso utilizou un ricaz repositorio de comparacións e imaxes de grande eficacia argumentativa, que hoxe constitúen verdadeiras xoias do xénero xornalístico. Unha das máis reiteradas ao longo e largo da súa obra ensaística é a comparación da lingua galega cunha persoa doente necesitada de coidados especiais. Son varios os artigos que a utilizan, entre eles «Umha historia clínica» (Carvalho 1984: 137-139). Nel comeza por soster que unha política que insista na oposición do galego ao portugués –o mesmo que do catalán ao valenciano–, en canto afirma a identidade substancial do castelán co andaluz, incorre nunha incoherencia lóxica só explicábel por unha concepción ferreamente centralista do Estado e da cultura. Isolados das outras variantes do sistema propio e perante a presión do español, o galego e o catalán ficarían condenados ao progresivo esmorecemento.

Este constitúe xa un tópico no argumentario sociolingüístico de Carvalho que se vén repetindo practicamente en todos os seus escritos sobre a lingua na década de oitenta, de que a seguinte cita constitúe máis outra mostra. Nela non está o autor a defender o galego como patrimonio folclórico a preservar, cal reserva natural de indíxenas, mais a apostar por unha lingua extensa e útil que sexa usada por toda a sociedade e que teña proxección internacional; eis o seu diagnóstico xeral:

O porvir do galego, pois, está na súa coordinación com as demais polas do velho tronco galego-português. Se, segundo querem os separatistas, se obstinasse em permanecer isolado do português, como se nom formasse parte do mesmo sistema, as suas probabilidades de sobrevivência seriam escasas, e, a longo prazo, nulas [...].

Pouco porvir pode enxergar-se para um valenciano isolado do catalán, para um andaluz separado do castelhano. Esse porvir de reserva etnográfica que temos agoirado ao galego (Carvalho 1990: 43).

Voltando ao artigo citado, após esas tan reiteradas consideracións, o autor sitúa no século XV a perda da boa saúde do galego ou, se quixermos, o comezo da súa «historia clínica» como lingua «enferma e mutilada» (Carvalho 1984: 138). Deteñámonos un pouco nisto. Con efecto, isolado do portugués e cuberto polo castelán –lingua teito–, o galego vai ser constantemente contaminado por este mediante interferencias de todo o tipo, até se converter na realidade nunha modalidade do primitivo galego(-portugués) mesturada coa lingua de Castela. Neste sentido, non nos deberían sorprender algunhas afirmacións de procedencia foránea que cualifican o galego actual como un portugués castellanizado; isto opina Gregorio Salvador (1987: 57): «Y el gallego, para un filólogo románico, no es otra cosa que un dialecto arcaico del portugués (o galaico-portugués) fuertemente castellanizado». Mais tamén se podería admitir que, como consecuencia dese percurso histórico, existen tres idiomas diferentes –castelán, portugués e galego– e que este se caracteriza por ser un idioma de transición entre os outros dous, como o propio Carvalho aínda defendía nun artigo de 1972:

O galego afirmase coma unha lingua diferente tanto frente ao castelán coma frente ao portugués [...]. Así, o galego, anque non sexa hoxe lingua administrativa, áchase nunha relación de distinción interna e esterna con relación ao portugués e ao castelán que o sitúa culturalmente coma unha terceira lingua a carón daquelas dúas (en Álvarez Gándara 1973: 100-102).

Na práctica, e desde a perspectiva política e normativa, isto xa vén funcionando así, cando menos no ámbito oficial e social, e por tanto o galego xa é considerado esa terceira lingua que se afirma e caracteriza face ás dúas veciñas. Porén, a cuestión que a seguir se presenta é se esta vai ser a solución lingüística definitiva no recanto

peninsular occidental e se, por tanto, o galego está estabilizado e consolidado como un novo idioma con garantía de futuro. De ser así, non faltarían argumentos para aceptarmos unha solución imposta pola realidade da evolución histórica. Mais este non parece ser o caso, pois nin o proceso de castelanización das estruturas internas do galego se detivo, ben ao contrario, nin tampouco se parou a continua perda de galegofalantes, acrecentada exponencialmente nas últimas décadas, de modo que o idioma propio da Galiza camiña na actualidade cara á súa desaparición ou disolución na lingua do Estado –«transubstanciaçom no castelhana» como di Carvalho (1990: 17)–, que vén a ser o mesmo. Por conseguinte, semella non ser posíbel un galego equidistante do castelán e do portugués, pois nas circunstancias sociopolíticas que se dan na Galiza o peixe grande está a devorar o pequeno, como moito ben vaticinara o noso autor (Carvalho 1992: 244). É por isto que tamén se está a impor, a meu ver, outra advertencia premonitoria deste: o galego só pode ser galego-castelán ou galego-portugués (Carvalho 1983: 33); isto é, ou reafirma a súa personalidade dentro do primitivo sistema galego-portugués a que pertence, ou se converterá nunha variante dialectal do idioma oficial do Estado. Eis o diagnóstico clínico do doutor Carvalho:

Umha política que queira manter essa situaçom [separación do galego do portugués], é umha política letal para o galego. Este, defendido do contacto com o português por um cordom de disciplinados carabineiros, e enfrontando-se isolado e pobre com o castelhana, mal pode resistir a presom do mais forte. A sua história, como querem os que o condenam a regime celular e incomunicação com os seus dívidos, é a história de umha frustraçom colectiva. Manter o galego na situaçom de língua subordinada ao castelhana na expressom do que nom é arcaica cultura agrícola, é impedir ao doente a possibilidade de cura (Carvalho 1984: 139).

Se voltarmos, pois, á historia clínica de Carvalho, deberemos coincidir con el en que a doenza continúa vinte anos após o seu pasamento e que a manutención da situación do galego como lingua subordinada ao castelán non está a servir para a súa curación; polo contrario, a doenza agrávase por momentos. Sigamos co símil e supoñamos que, contaminado o galego polo castelán desde finais do período medieval, foi distanciándose do portugués e alcanzou unha nova forma, conseguindo de paso deter o proceso de infección castelanizadora e a recuperar así a súa saúde. Teríamos entón un galego novamente san, embora con evidentes pegadas deixadas pola longa doenza, como é natural. Non sería o mesmo dos seus anos mozos nin tería as fortalezas de antano, mais posuiría saúde e forza suficientes para resistir os embates do futuro.

Porén, tampouco é este o caso. A descomposición interna vai en aumento e a sangría de falantes tamén, de modo que o estado do doente é cada vez máis grave. É precisa, pois, a intervención cirúrxica, urxente a ser posíbel. Como o propio Carvalho afirma noutro artigo en que recorre tamén ao símil sanitario –«Língua, nación, saúde e doenza»–, amarmos o galego non implica amarmos igualmente a súa enfermidade e unha atención médica que asumir o patolóxico como normal só conseguirá acabar co doente. Cómpre, pois, limparmos a lingua galega das interferencias que a desfiguraron e allearon nun percurso histórico anómalo: «a lingua non se achará na forma conveniente se non a limpamos das aderencias exóticas –fonolóxicas, léxicas, morfolóxicas, sintácticas, ortográficas– que a desfiguraron e allearon no transcurso de varios séculos de historia antinatural» (Carvalho 1992: 130). Está a propugnar Carvalho esa necesaria intervención reparadora que consiga eliminar a doenza sen matar o doente. Debe ser unha operación cirúrxica que extirpe os castelanismos de diverso tipo que se incrustaron no galego, para desa forma recuperalo tamén como instrumento literario eficaz e auténtico, sen dependencias alleantes (Carvalho 1990: 42)⁶. Nun artigo de 1975 adhería ao pensamento de Castelao e, face ao cacique que fala galego por ruralismo, propuña co político rianxeiro falar galego por galeguismo, isto é, con vontade de contribuír para a súa sobrevivencia, pois para el ser galeguista implica non se conformar cun galego rural castrapizado e loitar pola súa mellora:

Castelao revela que para ele o uso passivo do idioma como simples veículo de comunicación, tal como se conservava no depauperado meio campesino, nom é suficiente. O crego –depois da misa–, o alcalde –depois da sessom–, o mestre –depois das aulas– falam em galego. Mas nom tenhem a menor intençom de melhorar o seu galego, nem de alargar a sua área de difusom, nem de convertê-lo em objecto de docência e discência. Tenhem na boca palavras moribundas que nom pretendem reavivar. Isto é ruralismo. Assi usa o galego o cacique. Ten que usá-lo para impartir as suas ordens, como Cicerom falava *sermo rusticus* aos seus servos da *villa Tusculana* [...].

O galeguismo supom inconformismo a respeito do galego (Carvalho 1989: 113-114).

Non se trata de lle dar asistencia humanitaria ao doente para que morra en condicións dignas, mais de intervir para que sobreviva. A dificultade está na natureza da intervención, ou se quixermos na determinación do grao posíbel ou máis recomendábel de intervención que o estado do doente e as circunstancias permiten. O profesor Rodrigues Lapa recomendou unha intervención agresiva e traumática, diríamos

6 Cfr. tamén Carballo (1981: 49): «Só um galego restaurado é viável. Escrever no galego castrapizado por vários séculos de analfabetismo seria renunciar ao galego».

que unha auténtica transfusión ou transplante: substituír o galego polo portugués, pois este xa era para el o galego culto e literario (Lapa 1979: 63-64). O reintegracionismo galego, onde se situou Carvalho, adheriu no substancial á proposta de Lapa, mais seguindo diferentes estratexias consistentes en intervencións graduais e menos traumáticas. Porén, debemos constatar que a proposta diagnóstica e cirúrxica de Carvalho e do reintegracionismo non gozou da aquiescencia da equipa médica oficial da altura, que optou por suaves remedios paliativos que non conseguiron deter o percurso da doenza, embora algunhas das recomendacións daquel fosen tidas en conta de forma parcial e indirecta. A doenza no seu conxunto agravouse co paso do tempo, mais certos síntomas do doente melloraron substancialmente. É este o caso do modelo de lingua escrita e culta hoxe dominante, onde as intervencións descastelanzadoras van dando resultados positivos, axudadas en parte polas modificacións normativas de 2003. Non acontece o mesmo polo xeral na lingua oral maioritaria, tanto culta como popular.

O certo é que esta vía de aposta pola calidade lingüística desde o modelo oficial (Sanmartín Rei 2009), alén de apuntar tamén na dirección marcada por Carvalho e de ter, por conseguinte, un obxectivo reintegracionista en sentido amplo –afastamento do español e aproximación do portugués–, está a producir algúns resultados esperanzadores a curto prazo e pode confluír nun prazo máis longo con outras estratexias deseñadas polo noso autor, que de todas as formas nunca rexeitou as medidas graduais tanto no tempo como no espazo (Carvalho 1990: 34-36), e polo movemento reintegracionista. Mais do que excluíntes, as diferentes estratexias deben ser complementares. Algunhas persoas acreditamos en que só a combinación destas, co portugués como referente, e unha decidida acción político-social poderán curar o doente. Talvez Carvalho fose un adiantado ao seu tempo e por iso o seu diagnóstico foi rexeitado na altura. Mais se o enfermo continúa a empeorar, como parece ser o caso, se callar podería resultar oportuno reconsiderar a súa diagnose. Algunhas voces alleas en principio ao debate normativo galego así o consideran.

Neste sentido, o profesor da Universidade de Essex I. M. Roca (1997), dando por imparábel o proceso de desaparición do galego tradicional –e por tanto natural–, só acha tres vías realistas de escolla para o futuro: completar o actual proceso de substitución do galego polo español, manter durante un período non moito longo a ficción da viabilidade do que el chama galego artificial como se fose tan galego como o galego natural, ou recoñecer activamente o galego como un compoñente do complexo dialectal portugués. As dúas primeiras opcións conducirían a que o galego natural continuase a perder falantes durante máis unhas poucas décadas até

só ficar del un puñado de eruditos apoiados por unhas poucas institucións e algunhas cátedras universitarias, acabando por desaparecer. A outra rota posíbel, a opción terceira, suporía segundo el o recoñecemento dun lugar e dun papel para o galego no firmamento do portugués. Isto implicaría de entrada que a maioría dos galegos continuarían a ter ou considerar o español como a súa lingua, unha minoría decrecente continuaría a falar o galego natural e outra pequena minoría continuaría a cultivar o estándar ou galego artificial, de modo que non se produciría ningunha mudanza repentina na situación. Ao mesmo tempo, a «intelligentsia» iríase facendo gradualmente competente en portugués, que conviviría co seu galego natural ou adquirido, como acontece con casos similares en moitos outros lugares de Europa e do mundo. Evidentemente, o camiño emprendido pola «intelligentsia» debería ser seguido polo «stablishment» político, que implementaría políticas apropiadas, en particular o ensino do estándar portugués, introducido conxuntamente co ensino actual do galego «as two ends of one and the same spectrum» (Roca 1997: 483). Recalca o autor que a súa proposta non é substituír o galego polo portugués, mais acrecentar este ao repertorio lingüístico das persoas galegas, ou cando menos a aquelas que desexaren aproveitar esta oportunidade única para ampliaren o seu horizonte lingüístico, cultural e se callar tamén social e económico. Isto podería incentivar a transmisión do galego natural ás novas xeracións e inevitabelmente este iría mudando e mergullándose dentro do portugués estándar, mais de modo gradual e espontáneo como parte da vida natural da lingua.

Tal proposta, dunha ou doutra forma, comeza hoxe a ser considerada, aínda que parcial e subrepticamente, por algúns lingüistas que estiveron sempre moito afastados dos postulados reintegracionistas. O propio Roca se pon á marxe das disputas entre reintegracionistas e isolacionistas, e pretende emitir un xuízo puramente científico. En confronto radical coa opinión de Ramón Piñeiro, sostén que precisamente para non renunciar ao galego cómpre afastalo do castelán e viralo cara ao portugués, «at present a sine qua condition for its survival» (Roca 1997: 485). Mesmo invoca a súa capacidade investigadora para proclamar solemnemente que non hai futuro para o galego, nin tan sequera a curto prazo, se non comeza urxente e vehementemente a se transformar en «portugalego»⁷. Partilla por tanto I. M. Roca co movemento

7 O propio Carvalho (1983: 32) chega a usar, e xustificar, esta forma de 'portugalego' ou 'galuso'; mais tamén as denominacións simples de 'galego' ou 'portugués': "Non hai ningunha razón histórica para excluír a denominación deste idioma como galego, en canto é produto da colonización polo galego da Lusitania. Mais igualmente carece de realismo o repúdio do nome de portugués, con que universalmente se lle coñece" (Carvalho 1992: 82).

reintegracionista a opinión de que a virada do galego para o portugués é condición imprescindible e solución única neste momento para a sobrevivencia do galego. Nada substancialmente diferente do que nos propuxo hai unhas décadas Carvalho. E aínda me atrevería a suxerir que nada radicalmente afastado do que outras persoas, por vías só parcialmente distintas, vimos propondo⁸.

5. Conclusión

Desde o pasamento de Carvalho, van aló xa máis de vinte anos –e aínda non houbo un oco para lle dedicar o Día das Letras Galegas a quen as simbolizou durante case medio século!–, a estratexia reintegracionista por el deseñada para a lingua galega non só non avanzou como mesmo recuou nalgúns aspectos. Mais non por iso podemos dar por fracasados os seus obxectivos nin a doutrina en que sustentan. Déronse algúns pasos atrás motivados por razóns conxunturais e estratéxicas, mais posibelmente servisen para tomar o impulso que permitiu comezarmos o século XXI cun acordo normativo que, sen cumprir as metas propostas por Carvalho, supón un avance importante na dirección por el tracexada. Digamos que aínda non chegaron os tempos de maduración das ideas de Carvalho na sociedade, mais a semente está botada e paseniñamente ha de ir agromando até dar os froitos por el soñados. Porque esas ideas nacen dun profundo coñecemento da historia, da caracterización interna da nosa lingua e dun intenso amor e compromiso con ela e coa nación que a creou. E porque o propio evoluir da sociedade galega nun novo contexto peninsular, europeo e mundial vén cada vez máis a reforzar o seu proxecto lingüístico de futuro para o noso idioma.

Neste sentido, o pensamento lingüístico de Carvalho está aínda vigorante, como o está en tantos outros aspectos, de que é unha mostra ben actual o relativo á falsa doutrina do pretenso equilibrio entre as dúas linguas que o actual Goberno galego inventou para substituír aqueloutra do bilingüismo harmónico. O que Carvalho escribiu hai unhas tres décadas continúa a ter total validez: «Porque agora sabemos que unha equiparación legal de ambas linguas pode conducir ao encurralamento do galego se nom vai acompañada da oportuna práctica política de promoción social, que corrija o desequilibrio histórico que o galego padece» (Carvalho 1983: 113). Plena actualidade teñen tamén estouras palabras:

8 Véxase, por exemplo, Freixeiro Mato (2009), nomeadamente pp. 147-156.

Do que se trata é da restauración da lingua do país. Esta sería a lingua normal. Non habería unha lingua alta e unha lingua baixa. O galego sería lingua alta e baixa, e ademais todos os galegos possuirían o castelano como medio de comunicación dentro do mundo dos castelano-falantes, mundo no qual por tantas razóns históricas e sociais están fortemente implicados. Así os galegos dominarían os dous romanços máis estendidos pola terra, e poderían comunicarse sen esforzo con case quinhentos millóns de individuos (Carvalho 1990: 46).

E aínda podemos continuar a falar de cooficialidade subalterna, de Aquiles e a tartaruga, do país «qui n'ose pas dire son nom» e de tantos outros temas pendentes dunha resolución favorábel para o noso idioma. Infelizmente, o pensamento lingüístico de Carvalho aínda ten plena vixencia porque os males do galego persisten e as súas propostas de curación fican pendentes de aplicación.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Gándara, A. (ed.) (1973): *Falemos galego. 50 textos de onte e de hoxe* (Vigo: Castrelos).
- Carballo Calero, R. (1981): *Problemas da Língua Galega* (Lisboa: Sá da Costa).
- Carballo Calero, R. (2006): *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Transcripción e edición de Dolores Vilavedra & Montserrat Pena (Vigo: Galaxia).
- Carvalho Calero, R. (1983): *Da fala e da escrita* (Ourense: Galiza Editora).
- Carvalho Calero, R. (1984): *Letras Galegas* (A Coruña: Associação Galega da Língua).
- Carvalho Calero, R. (1989): *Escritos sobre Castelao* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Carvalho Calero, R. (1990): *Do galego e da Galiza* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Carvalho Calero, R. (1992): *Umha voz na Galiza* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- Castelao [A. D. Rodríguez] (1961): *Sempre en Galiza* (Buenos Aires: Edición «As Burgas»).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- Lapa, M. Rodrigues (1979): *Estudos Galego-Portugueses* (Lisboa: Sá da Costa).
- Marques, M. A. et alii (orgs.) (1997): *Correspondência de Rodrigues Lapa. Seleção (1929-1985)* (Coimbra: Minerva).
- Monteagudo, H. (2009): *As razóns do galego. Apelo á cidadanía* (Vigo: Galaxia).
- Roca, I. M. (1997): «On language death and language survival: the case of Galician», en Fernández Salgado, B. (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference of Galician Studies / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, vol. 1, 449-489 (Oxford: Centre for Galician Studies).
- Rodríguez, J. L. (2002): «Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna», en López, T. & Salinas, F. (eds.), *Actas do Simposio «Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século»*, 13-27 (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña & Asociación Socio-Pedagóxica Galega).
- Salvador, G. (1987): *Lengua española y lenguas de España* (Barcelona: Ariel).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).